



Concellaría de Cultura

PROGRAMA
SANTIAGO DE CUBA EN COMPOSTELA
I Xornadas da Cultura Santiaguera en Galicia
Do 29 de xuño e o 8 de xullo do 2005

MÉRCORES 29 XUÑO

Exposición de gravados de Liudmila López Domínguez

20,30h.

Fundación Granell. Na mesma sala presentarase unha mostra audiovisual con curtametraxes, documentais, spots publicitarios e programas de televisión cubanos.

Liudmila López Domínguez (Habana, 1977)

Estudou na Academia Provincial de Artes Plásticas "José Joaquín Tejada" de Santiago de Cuba, tendo realizado numerosas exposicións individuais e colectivas en Cuba, EE.UU., Grecia e España. Ten recibido o premio da Asociación Hermanos Saiz do II Salón Plástica Femenina de Santiago de Cuba (2005), o Premio da AHS no Salón XXVI da Cidade, Santiago (2004) e o Premio da Fundación Caguayo para as Artes (2003), entre outros.

Noite Santiaguera

21,00h.

Fundación Granell, terraza. Entrada libre.

A alegría das festas tradicionais santiagueras con todos os atributos da cultura popular desta zona do país: música, poesía, malabares de fogo, humor, comidas típicas e estampas do carnaval santiaguero. Participarán todos os integrantes do grupo cubano e saírase á rúa formando unha conga típica do Oriente cubano.

XOVES 30 XUÑO

Realización dun mural

12,00h.

Comezo dos traballos de realización dun mural, dirixidos por Ludmila Romero Matos e Cristina Escobar coa colaboración de outros muralistas galegos.

Ludmila Romero Matos (Guantánamo, 1976).

Estudou na Academia Provincial de Artes Plásticas "José Joaquín Tejada" de Santiago de Cuba, realizando cursos de posgrao de Arte do Caribe e Arquitectura Caribeña, así como Vidro D'Art e Vitral e curaduría de deseño. Ten realizado exposicións individuais e colectivas en Cuba, España, EE.UU. e Francia, así como numerosos murais en Santiago de Cuba e Isla de la Juventud.

Cristina Escobar López

Estudou na Academia Provincial de Artes Plásticas "José Joaquín Tejada" de Santiago de Cuba e na Ecole Nationale Supérieure d'Art de Nancy (Francia). Ten realizado exposicións individuais e colectivas en Cuba e Francia. Tamén traballa no teatro, como actriz e escenógrafa. Actualmente é profesora de artes plásticas en Nancy.

Concerto do Cuarteto de Saxofóns de Santiago de Cuba

21,00h.

Auditorio de Galicia

Cuarteto de Saxofones de Stgo. de Cuba, formación aparecida en 1995 para levar ás salas de concertos o mellor da música popular cubana, en versións rigorosamente orquestradas que recrean a súa riqueza rítmica e tímbrica, fusionada co jazz, beat ou afro. Tamén tocan pezas orixinais escritas por compositores santiagueros da nova xeración. Juan Chacón González (Saxo soprano e director), Rey Amaury Burgos Delis: (Saxo tenor) Julio César González Simón (Saxo alto), Ángel Alejandro Ríos. En Compostela rematarán unha xira que os ten levado durante un mes a 23 cidades

centro-europeas como parte do Festival Son Cuba, do que se convertiron na banda revelación, obtendo as mellores críticas dos medios especializados.

Cine

22,30h.

Rúa de San Pedro (Cruceiro)

Proxección do documental **Havana Abierta**, de Jorge Perugorría

Concerto de Vanito Caballero

23,30h

Rúa de San Pedro (cruceiro).

Vanito Caballero

Integrante e fundador do colectivo musical Habana Abierta. Considerado un dos cantautores máis importantes da nova canción cubana, Vanito destaca polas letras das súas cancións, fusionando a tradición musical santiaguera coas expresións musicais máis contemporáneas: guaracha, balada pop, rumba, son, funky. Como integrante de Habana Abierta ten participado en todos os discos do colectivo (Habana Abierta -1997-, 24 horas -1999- e o que sairá despois do verán), e agarda a saída do seu primeiro disco en solitario para finais deste ano.

VENRES 1 XULLO

Teatro

22,00h.

Teatro Principal.

“La Coreana”, interpretada por Saskia Sánchez del Agüero. “El último amor del príncipe Guenyi” (monodrama baseado no texto homónimo de Marguerite Yourcenar), dirixido e adaptado por Marcial Lorenzo Escudero e interpretado pola actriz Claudia Inés Escobar López.

LA COREANA

Autor: José Milián. Intérprete: Saskia Sánchez. Producción, adaptación e dirección: Saskia Sánchez. Duración: 40 min.

La Coreana é un personaxe universal que aínda repercute vivamente na sociedade cubana, situado polo dramaturgo José Milián nos anos cincuenta, referente dos tempos miserables que afrontaban as Américas e gran parte do resto do Planeta. A coreana representa a clase máis pobre. É unha indixente miserable que desanda as rúas no Nadal tratando de sobrevivir. Anda como unha sombra incerta en medio da noite, baixo un teito de lúa e xunto ao seu fillo, un boneco de trapo creado pola súa imaxinación.

EL ÚLTIMO AMOR DEL PRÍNCIPE GUENYI

Baseado no texto homónimo de Marguerite Yourcenar. Intérprete: Claudia Inés Escobar López. Dirección: Marcial Lorenzo Escudero. Duración: 40'

A posta en escena glosa unha representación de teatro No xaponés. Conta a historia de Guenyi, o maior seductor xamais coñecido en Asia, que decide retirarse ás montañas para esquecer antes de morrer toda lembranza da súa vida pasada, entre praceres e goces infinitos. A súa antiga concubina, “A Dama do Pobo das Flores que Caen”, intentará conquistar de novo o seu amor antes de que o príncipe morra. Trátase dun alegato contra o esquecemento, que se inscribe no devir actual cubano porque, sen necesidade de analizar a actualidade nacional, manexa unha situación trágica que toca unha arista moi sensible do ser humano.

POESÍA

23,30h.

Pza. Salvador de Parga, Pub A Medusa. Recital poesía: Marcial Lorenzo (Cuba), Saskia Sánchez (Cuba), Carlos Santiago (Galiza).

Marcial Lorenzo Escudero (Santiago de Cuba, 1963). Poeta, dramaturgo e director teatral. Traballa como especialista de teatro do Consello das Artes Escénicas de Santiago de Cuba e exerce como profesor de dramaturxia da Academia de teatro desta cidade. Ten publicado os poemarios “Algunas ficciones para Buster Keaton” (Editorial Oriente, 1986) e “Postales francesa” (Ed. Santiago, 2001, Premio Heredia de Poesía) e en 1996 obtivo o Premio da Cidade por “Volver es un tango”.

Saskia Sánchez del Agüero

Atriz e poeta santiaguera. Comezou traballando no Grupo profesional Experimental de Teatro en 1984. A partir de 1987 enrolouse na Cía. Cabildo teatral Santiago, convertíndose na protagonista das súas montaxes dende 1993, baixo a dirección de Rogelio Meneses e Ramiro Herrero. En 1998 viaxa a España, instalándose en Madrid, onde imparte aulas de teatro, expresión corporal e percusión afrocubana, ademais de colaborar cos grupo Alquimia e Luna Nueva. Escribe poesía desde moi nova, tendo recibido o premio Heredia en Cuba. Ten tres libros publicados: “Obliquo Desahogo” (1992), “Utopía feroz” (1993), “Severos pasadizos” (2001).

SÁBADO 2 XULLO

Teatro infantil

12,00h.

Centro Socio-cultural Don Bosco. "Recuento cuentos", espectáculo teatral infantil interpretado por Claudia Inés Escobar e Háskel Aguilera.

RECUESTO CUENTOS

Recuento cuentos é a historia dunha nena que perde a imaxinación e do detective que a axuda. A procura da imaxinación perdida van atravesando lugares fabulosos e atopando personaxes estranos. Finalmente descubrirán que fora unha bruxa a que se apoderará da súa imaxinación para utilizala nun dos seus bebedizos máxicos.

Cine

19,00h.

Teatro Principal

Proxección do documental "Cayo Gramma: un viaje al centro de la bahía santiaguera" (15') e da longametraxe "La vida es silbar", de Fernando Pérez. Entrada libre.

Cine

21,15h.

Teatro Principal

Proxección da curtametraxe "Monte Rouge" (10'), de Eduardo del Llano e da longametraxe "Miel para Oshun", de Humberto Solás. Entrada libre

Ultranoite Santiaguera

23,00h

Sala NASA

Ultranoite Santiaguera, con participación de actores, actrices, bailaríns e músicos tanto cubanos como galegos.

DOMINGO 3 XULLO

Cine

19,00h

Teatro Principal

Proxección do programa da TV cubana "Derechos Permitidos" (15') e do documental "Paraíso" (96'), de Alina Teodorescu

Cine

21,15h.

Teatro Principal

Proxección do documental "Cayo Gramma: un viaje al centro de la bahía santiaguera" (15') e da longametraxe "La vida es silbar", de Fernando Pérez.

LA VIDA ES SILBAR

Dirección: Fernando Pérez. Intérpretes: Luis Alberto García, Coralia Veloz, Bebé Pérez, Isabel Santos. Fotografía: Raúl Pérez Ureta. Música: Edesio Alejandro. Tres personaxe atópanse nunha encrucillada e teñen que tomar unha decisión que cambiará as súas vidas, poñéndoos fronte a verdade compartida.

Concerto de Yusa

23,00h

Dado Dadá

Yusa é a mellor exponente da creatividade musical contemporánea en Cuba. A confirmación de que non todos en Cuba fan só a música dos seus avós. Na súa obra hai ecos da trova tradicional, pero son as sutilezas do bolero, ou os pequenos destellos procedentes do jazz e do filin as que inflúen nesta auténtica voz do século XXI cubano, unha voz grave e sensual que dá forma a unhas cancións que non se adaptan a ningunha das calificacións xenéricas impostas sobre a música da Illa. Se o seu primeiro disco, "Yusa", causou sensación en Reino Unido, Francia, Dinamarca, Xapón ou Estados Unidos, agora "Breathe" ven ser outra demostración de orixinalidade dunha artista que xa forma parte da chamada "Xeración do 2000" latinoamericana xunto á peruana Susana Baca, a mexicana Lila Downs ou a brasileira María Rita. Precisamente esa conexión brasileira de Yusa é a que lle permitiu colaborar con Lenine, participando no seu novo disco e acompañándoo ao baixo nalgúns dos seus concertos.

LUNS 4 XULLO

Contacontos

18,00h

Centro Sociocultural Conxo

Contacontos cubanos: Claudia Inés Escobar + Haskel Aguilera

Cine

19,00h

Teatro Principal

Proxección da curtametraxe "Monte Rouge" (10'), de Eduardo del Llano e da longametraxe "Miel para Oshun", de Humberto Solás

Cine

21,15h

Teatro Principal

Proxección do programa da TV cubana "Derechos Permitidos" (15') e do documental "Paraíso" (96'), de Alina Teodorescu

PARAÍSO

Dirección e montaxe: Alina Teodorescu. Fotografía: Sorin Dragoi. Guión: Sorin Dragoi, Alina Teodorescu. Son: Marcus Holzner, Robert Kellner. Música: Madera Limpia. Producción: Cuba/Alemaña, 2003. 96' "Paraíso" non se limita a describir a vida cotián dun fado de xoves que experimentan co hip-hop e a música tradicional cubana co seu grupo "Madera Limpia". O filme é, sobre todo, un retrato vivo do día a día cubano, visto a través dos ollos dalgúns dos máis creativos artistas musicais de Guantánamo, unha pequena cidade do Oriente de Cuba próxima a Santiago, onde o tempo parece ter un ritmo distinto. Utilizando personaxes do barrio, enfiando relatos, opinións e pensamentos sobre a vida, o traballo, a música e o sexo, o documental é un tapiz emocional da Cuba contemporánea.

Concerto de Telmary

23,30h

San Martiño Pinarío

Pub Camalea

Desde os anos noventa Telmary ven involucrándose en distintos proxectos da escena subterránea e alternativa cubana, nutrida por igual de acentos locais e sonoridades de importación. Poetisa da rúa, cun sentir urbano particular, declárase apaixonada de extremos como o slang da rúa e a textualidade da trova e o feeling, as festas house e a vida nómada, reggae caribeño e soul setenteiro e mesmo pinceladas brasileiras. A golpe de carisma despuntou con Free Hole Negro, asumindo un nome entre as primeiras mulleres do underground musical da Habana. O seu instrumento é a voz, pero máis que cantar o que fai é expresarse mediante palabras con acentos rítmicos e melódicos. Cun pé na tradición e oputo no experimental, seduce desde unha proxección baseada na sinxeleza.

MARTES 5 XULLO

Teatro

18,00h

Centro Sociocultural de Conxo

Humore Mio, sketches

Conferencia-audición

20,00h

Café Casino

Conferencia-audición sobre Santiago de Cuba e a nova trova cubana no novo milenio I, a cargo de Pedro Copello Griñán e Marcial Lorenzo Escudero.

Unha conferencia sobre a canción alternativa en Cuba, a súa evolución histórica e estado actual, con esclarecedores datos sobre autores, temáticas e circunstancias específicas da súa evolución, apoiada en audicións dos principais exponentes da música cubana, moitos deles aínda descoñecidos para o público galego.

Teatro

22,00h.

Teatro Principal

Teatro de la Danza del Caribe

Fundada en 1988, é hoxe unha das compañías de danza máis prestixiosas de Cuba, declarada en 1998 Vanguardia Nacional polo Sindicato dos Traballadores da Cultura. Teñen participado en festivais de todo o mundo como Festival Internacional de Ballet de La Habana (1993), Festival Internacional de Teatro de La Habana (1995), Festival Iberoamericano de Cádiz (1996), Jornada Internacional de Cuba-Experiencia, París (1998), Festival de Danza Contemporánea de Barranquilla, Colombia (2000), Festival de Teatro Latinoamericano de Manizales, Colombia (2000), Festival-Fórum Internacional Belize 2002. O seu traballo caracterízase por sintetizar as técnicas da danza moderna e contemporánea con expresións propias da cultura afrocaribeña. A vitalidade e capacidade interpretativa dos seus xoves bailaríns harmoniza coa frescura dunha compañía que transgrede os límites xeográficos da comunicación. O espectáculo incluírá o seguinte repertorio:

1. LLanto del espíritu.
2. Suite de Blues. Coreografía: Eduardo Rivero. Música: blues. Intérpretes: Yamilia Prevals, Reynaldo Hernández, Zulia Kig

3. Okantomí. Coreografía: Eduardo Rivero. Música: Yoruba-cubana. Intérpretes: Yamilia Prevals, Reynaldo Hernández.

Concerto de Rubén Léster

23,30h

Praciña dos Gatos. Pub Paraíso Perdido

Rubén Lester en concerto

Un dos máximos representantes da nova xeración da música alternativa en Cuba, foi líder da banda de fusión Muralla. Os seus temas abranguen diferentes ritmos e xéneros musicais nos que aborda temas da vida urbana, a marxinalidade, a "gozadera" e as sempre difíciles relacións persoais. Agora prepara o seu primeiro disco co título "La Sabrosura", mentres mantén un espazo permanente todos os xoves na Jutía Conga, un centro cultural santiaguero que gañou moito auxe nos últimos tempos. Ademais, é o representante de música da AHS en Santiago, e ven de montar unha banda chamada "El Circo de Domingo Baltazar".

MÉRCORES 6 XULLO

Contacontos

18,00h

Centro Sociocultural Castiñeiriño

Contacontos cubanos: Claudia Inés Escobar + Haskel Aguilera.

Teatro

22,00h

Sala NASA

Humore Mío: Cinésica

O grupo xurde en 1996 e sustenta o seu traballo no xesto e no humor como vía de goce artístico, na procura de novos valores escénicos centrados no arranxo narrativo. Un humor de novo tipo, cunha linguaxe universal que parte do tipicamente cubano. Está integrado polos actores Jorge Clavet Sanfiel, Luis Manuel Licea Tur e Guillermo de la Rosa Janeiro. Cinésica é unha obra de 1998, conformada por un conxunto de varias escenas. O principio do espectáculo é unha advertencia que fai referencia ás liberdades dos dereitos do home e á tolerancia. A ironía arredor do fanatismo relixioso, político ou de outra índole subvírtese nunha carga de humor, na que o remate de cada sketch é o inicio do seguinte. O final do espectáculo é un diálogo verbal artista-público que serve para espir a pel dos personaxes e amosar á dos actores.

Concerto de Raul Torres

23,30h

San Paio

Cantautor de Bayamo, influenciado pola poesía matanceira, onde viveu dende neno. Preséntase en Cuba en 1989 nun concerto de Pablo Milanés, co que grava no 1991. No 1993 viaxa a Brasil e pasa case tres anos percorrendo o país e facendo concertos, ben sexa en solitario ou acompañando a outros músicos brasileiros. No 1996 grava o seu primeiro disco en solitario, que presenta en España, onde vive dende entón. Aquí acompaña a figuras ben coñecidas como Fito Páez, Joaquín Sabina, Mafalda Beiga. No 1997 grava un segundo álbum "Ala de luz". Compón temas para Ana Belén, Xiomara Laugart, Simone, Alba Molina, Alejandra Botto, Los Van Van e Mal de Amores, entre outros.

XOVES 7 XULLO

Teatro

22,00h

Sala NASA

Humore Mío

Concerto de Hip-hop

23,00h.

Paseo da Alameda

De-RAP-e cubano

Concerto de hip-hop con Nilo DJ + Telmary + Yusa + Vanito + micro aberto

Acompañando a Telmary, Yusa e Vanito, contaremos coa presenza de Nilo Castillo aos pratos, músico cubano que pincha e fai rock e rap latino. O seu primeiro disco, gravado e editado en España, ten sabor a *nu trova*, *old skool guaracha*, electrónico, pegada hip-hop e mentalidade latinoamericana.

VENRES 8 XULLO

Clausura

20,30h

Clausura das xornadas e remate do mural.

Concerto

23,00h

Sala NASA

Trovadicto. Concerto-descarga de despedida con participación de Telmary, Ihosvani Caballero "Vanito", Rubén Lester, Raúl Torres, Yusa e outros músicos composteláns.